

**EXPEDIENTE:** 2026/S012/000002

**ASUNTO:** SOLICITUDES ESCOLA DE VERÁN 2026

**TRÁMITE:** INCLUSIÓN DUNHA NOVA SOLICITUDE PRESENTADA FÓRA DE PRAZO

#### ACTA 4 DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA ESCOLA DE VERÁN 2026

En data 5 de xuño de 2026, reúnese a Comisión de valoración composta polas seguintes traballadoras do Departamento de Servizos Sociais:

- Bibiana Rey Hermida, TS colx. 3757
- Noela Ces Comojo, TS. Colx. 3080
- Laura García Rivas , Aux. Admitiva.

En data 03/06/2026 preséntase a solicitude fóra do prazo establecido:

EXPEDIENTE	DNI/NIE	PRAZAS
2026/S013/000073 OALM 03/06/26-1025	***6227**	2

Conforme o establecido nas Bases reguladoras aprobadas na Xunta de Goberno Local de 25 de marzo de 2026, a Comisión ACORDA:

**Primeiro.-** De conformidade co disposto no artigo 10 das bases reguladoras, relativo ás solicitudes presentadas fóra do prazo de inscrición, que establece que «*aquelas solicitudes rexistradas fóra do prazo de inscrición serán incorporadas ao final da lista de agarda por rigorosa orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, sempre que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases*», e feitas as comprobacións pertinentes, admítase a solicitude con expediente 2026/S013/000073, a nome de OALM.

Así mesmo, confírmase a dispoñibilidade de dúas prazas nas quendas comprendidas entre o 1 e o 15 de xullo e entre o 3 e o 14 de agosto 2026. Para o resto das quendas solicitadas, a petición incorporárase ao final da correspondente lista de agarda.

**Segundo.-** Lémbrese que a situación de falta inxustificada á actividade por tres xornadas consecutivas poderá dar lugar á perda da praza asignada (artigo 13).

Asinado polas persoas que compoñen a Comisión.